

COMENTARIO CRÍTICO

Ficha orientadora

RESUMO DO TEXTO

- Identificar as ideas esenciais ou importantes do texto.
- Claridade e extensión adecuadas (entre unha terceira e cuarta parte do orixinal).
- Utilizar unha linguaxe propia (sen copiar literalmente frases do texto).
- Redactar de modo obxectivo (sen valoracións propias) e en 3ª persoa.
- Escribir o resumo nun só parágrafo con, polo menos, tres oracións.
- Demostrar, co resumo, que se comprendeu o texto.
- Redactar de modo coherente e correcto.

COMENTARIO: VALORACIÓN CRÍTICA E OPINIÓN PERSOAL

1.- Identificar no primeiro parágrafo do comentario:

- Tipo de texto. Podes comezar aludindo a que é un artigo periodístico, un artigo de opinión, un texto periodístico... O normal é que o autor manifeste a súa opinión, pero ás veces a opinión é mínima, mestúrase con información, con exposición de datos, narración de feitos, etc.
- Asunto xeral tratado (a educación, as relacións entre homes e mulleres, a amizade, etc.).
- Idea central ou opinión que se defende ou sobre a que se reflexiona.
- Propósito ou intención do autor: convencer, dar a súa opinión ou punto de vista, informar, propoñer, satirizar, ironizar, recomendar, suxerir, criticar...
- Ton do autor, é dicir, actitude ante o asunto tratado (este punto é opcional, non hai que mencionalo de modo obrigatorio): enérxico, crítico, tallante, humorístico, tolerante, neutro, frío, xeneralizador, ton de sorpresa, de indignación, etc.
- Valoración sobre se o asunto tratado é actual, de interese (social, humano, educativo, sanitario...) e se está conectado con outros temas.

2.-Desenvolver o comentario crítico personal:

- Confirma, rebate ou matiza a tese ou idea central (aportando algún argumento, feito, exemplo ou razón a favor ou en contra). Se no texto ou fragmento proposto hai pouca argumentación e predomina o expositivo ou narrativo, haberá que estenderse pouco neste punto e no seguinte, e máis no punto penúltimo e último deste apartado.

- Valora se son convincentes e válidos os argumentos, razóns, datos ou exemplos presentados polo autor. En que coincides, en que discrepas? Hai contradicións, incoherencias, falacias ou falsidades? Siléncianse ou omítense argumentos en contra do defendido? Estás de acordo con todo? Porías algunha obxección ou reparo? Hai ideas ou posicións orixinais? Algunha idea chámache a atención? Etc.
- Valora se o autor conseguiu o seu propósito ou intención (punto opcional).
- Opina de modo persoal sobre o tema ou as ideas principais aportando argumentos, feitos, datos, vantaxes ou inconvenientes, causas, consecuencias, exemplos, etc.
- Relaciona a idea principal ou a que che chamou a atención do texto cos puntos seguintes (Refire, polo menos, dous aspectos dos catro mencionados a continuación):
 - con coñecementos culturais (historia, costumes, tradicións, cuestións éticas, filosóficas, morais), ou con libros, películas, series, citas, refráns, información cultural ou extraída dos periódicos ou revistas, etc..
 - con vivencias e a túa experiencia persoal, ou coa experiencia de amigos, familiares, personaxes públicos ou anónimos.
 - con personaxes, acontecementos ou eventos significativos.
 - con defectos que son rechazables, ou ben virtudes ou valores que poden ser imitables: solidariedade, altruísmo, amizade, amor, felicidade, xustiza, poder e dominación, autoestima...

3.- Redactar un parágrafo de conclusión

- Acaba o texto con un parágrafo final conclusivo, onde recalques o principal, fagas unha síntese final ou engadas unha idea nova. Para a última oración convén optar por algunha das posibilidades seguintes: formula unha petición, propón unha acción, fai unha suxerencia, invita a una reflexión sobre un comportamento (unha virtude, unha actitude, etc.), acaba con unha frase enxeñosa, cunha cita interesante, cunha interrogación ou recalca con outras palabras a opinión principal sobre o tema tratado.

Pasos para un comentario de texto perfecto

1.- Lectura xeral:

Le o texto completo dun tirón. Non te pares, non escribas nada e non te preocupes moito polos detalles. Todo iso virá despois. O obxectivo deste paso é simplemente obter unha idea xeral do contido para non levar sorpresas a posteriori.

2.- Reflexiona sobre o lido:

Párate un par de minutos a analizar o que acabas de ler e o que sabes sobre o tema e/ou o autor. Pensa nos aspectos clave relacionados con esa temática e prepárate para buscar as relacións co texto.

3.- Fai unha lectura detallada:

Co punto anterior en mente, volve a ler o texto pero esta vez faino lentamente e parándote nos puntos importantes. Toma notas e subliña as partes que consideres clave. Trata de ser o máis detallado posible.

4.- Relaciona ideas:

Este punto é o gran olvidado entre os estudantes, porén, é o **máis importante**. Antes de empezar a escribir o teu comentario de texto é fundamental relacionar as ideas que tes en mente cos puntos clave do texto e elaborar unha estrutura xeral.

Para poñer en práctica este consello, recomendamos o uso de mapas mentais. Estes permiten agrupar e relacionar ideas de maneira visual, o que che permitirá dar forma ao teu artigo e evitará que che queden ideas no tinteiro.

Se estás nun exame escrito, podes realizar estes mapas mentais axudándote dunha folla á parte. En cambio, se estás usando un ordenador para o teu comentario de texto, existe software de mapas mentais que che poden vir moi ben, como por exemplo GoConqr.

CUALIFICACIÓN

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. A cualificación desagregárase en tres tramos do seguinte xeito:

1) Construción textual: valorárase:

a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita.

b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións.

c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: valorárase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: valorárase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar. No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

